

## Manifesto 8M

Ao longo da historia, nós, mulleres traballadoras, sempre estivemos á fronte das loitas populares pola conquista de dereitos e mellores condicións de vida. Cargamos o peso de toda a explotación capitalista e patriarcal que nos oprime. Vivimos nun sistema político e económico que utiliza a explotación da nosa forza de traballo e os nosos corpos para se soste. Producimos grande parte da riqueza do mundo. Somos fundamentais para a reprodución social, a través do traballo no fogar e dos coidados, así como para aquel considerado reprodutivo. Aínda así, somos o 70% da poboación máis pobre do mundo.

Desde a histórica mobilización das mulleres revolucionarias rusas no 8 de marzo de 1917, esta data consolidouse como o Día Internacional de loita das mulleres traballadoras. Reivindicamos esta tradición de mobilización das mulleres contra a explotación e opresión capitalista e, deste xeito, enfrontámonos a todas as formas de violencia que vivimos hoxe en día na Galiza e no mundo.

A violencia contra as mulleres é maior cada día, o discurso de odio das dereitas e extremas dereitas está máis espallado e convértenos en obxectivo preferencial dos machistas e do poder político. Neste escenario de crise capitalista acrecentada pola carestía da vida, o goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza é un axente de política misóxina e conservadora. A Xunta e os seus Conselleiros traballan para desmontar as políticas públicas destinadas a mellorar a vida das mulleres, non dotan do orzamento necesario para combater a violencia machista, obstaculizan a quen quere abortar na sanidade pública, a quen reclama dereitos nos seus partos, pospartos e abortos, propagan discursos machistas de revitimización das mulleres.

A Xunta tampouco aplica políticas para reducir a fenda de xénero no ámbito laboral. Na Galiza hai 130.583 persoas rexistradas no paro, das que 75.628 son mulleres (o 58%) e iso son datos oficiais, cando sabemos que hai moitas mulleres que nin sequera figuran nas estatísticas do paro, moitas mulleres padecen empregos precarios e somerxidos.

A loita neste 8M, e todos os días do ano, é unha loita para transformar o mundo, é unha loita necesariamente feminista, antiimperialista, anticapitalista, democrática e antiLGBTfóbica. É unha loita en defensa da vida das mulleres, contra a carestía da vida, contra as violencias, contra un sistema capitalista que perpetúa a nosa opresión e que nos mantén submisas con roles patriarcais. É unha loita da maioría que temos sufrido violencias: violencia sexual, institucional, física, obstétrica, psicolóxica, das que temos vivido discriminación nos nosos centros de traballo, das que coidamos e das que ninguén coida, das que asumimos a carga mental, das que combatemos, cada día máis, un sistema que atenta contra nós.

Reafirmamos o feminismo como o camiño para a autoorganización das mulleres en alianza cos movementos sociais, na resistencia e na construción dunha sociedade xusta e igualitaria. Somos milleiros en todo o País, nós nunca abandonaremos as rúas, continuaremos sempre a defender as nosas vidas.

Este 8 de marzo lembramos as mulleres obreiras que loitaron no arsenal de Ferrol, as leiteiras, as cigarreiras, as das conserveiras, as mariscadoras, as traballadoras do servizo de atención do fogar, as do téxtil, as redeiras, as labregas e gandeiras... todas as que loitaron para que hoxe teñamos máis dereitos e as que seguen loitando, as que organizaron o Nunca Máis e que este ano limparon de novo as praias, as que loitan contra os macroparques eólicos e pola xustiza ambiental.

Este 8M seguimos na loita por todas elas, por todas as que loitan no mundo, tamén aproveitamos para nos lembrar das compañeiras palestinas, que seguen resistindo a ofensiva sionista, sempre estaremos con Palestina. E, en especial, este 8 de marzo queremos lembrar as compañeiras da limpeza de Lugo, que veñen de dobregar unha patronal reaccionaria despois de 4 meses en folga, que coa súa loita imparábel fixeron historia.

Hoxe máis que nunca debemos ser conscientes de que o feminismo organizado e a autoorganización das mulleres en todos os espazos é a única folla de ruta que temos para avanzar na conquista de dereitos e na superación do actual marco capitalista. Hoxe, e todos os días do ano, ***seguiremos en marcha até que todas sexamos libres!***